



# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **Iniciación á actividade Emprendedora e Empresarial**

**CPI PLURILINGÜE DE VEDRA**

**CURSO 2020-2021**

# INDICE

1. Introducción e contextualización
2. Obxectivos
3. Vinculación entre os obxectivos, criterios de avaliación, competencias clave, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un.
4. Secuenciación e temporalización dos contidos.
5. Metodoloxía didáctica
6. Materias didácticos
7. Avaliación inicial
8. Procedementos de avaliación continua
9. Instrumentos de avaliación
10. Criterios de cualificación
11. Procedementos da avaliación extraordinaria
12. Procedementos para o seguimento e avaliación da materia pendente
13. Atención á diversidade
14. Indicadores de logro

# **1. Introducción e contextualización**

O profundo cambio social e económico que se está producindo na nosa sociedade presenta uns retos que é imprescindible asumir dende o sistema educativo. Mais que nunca é necesario formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento. Esta materia inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques:

"Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a.

"Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente.

"Finanzas", analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

## **1.1. PROFESORADO**

A materia esta adscrita ao departamento de Francés.

A profesora Ruth María Poceiro Argibay será a encargada do único grupo de 4º da ESO , composto por 17 alumnos e alumnas, durante as 3 horas semanais asignadas á materia.

## **2. 2. Obxectivos**

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### 3. Vinculación entre obxectivos, criterios de avaliación, competencias clave, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un.

<b>Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial 4º de ESO</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
<b>Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Autonomía e autoconecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.</li> <li>▪ B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.</li> </ul>	CD CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.</li> </ul>	CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>c</li> <li>g</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Dereito do traballo.</li> <li>B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</li> <li>B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.</li> <li>B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.</li> <li>B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.</li> <li>IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións</li> </ul>	CSC CSIEE  CSC CSIEE

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.</li> </ul>		<p>laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.</p>	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.</li> </ul>	CCL CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</li> </ul>	CSIEE CAA CMCCT

## Bloque 2. Proxecto de empresa

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.</li> <li>▪ B2.2. Elementos e estrutura da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.</li> </ul>	CSIEE CAA
--------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Plan de empresa.</li> <li>▪ B2.4. Planificación na empresa.</li> </ul>		<p>producción e comercialización, redes de almacenaxe, etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.</li> </ul>	<p>CD CMCCT CAA</p>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.</li> </ul>	<p>CCL CSIEE CD CMCCT</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.</li> </ul>	<p>CCL CSIEE CD CMCCT</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.</li> </ul>	CSIEE CMCCT CD CAA
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.</li> </ul>	CD CMCCT CSIEE

### Bloque 3. Finanzas

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.</li> <li>▪ B3.2. Elección da forma xurídica.</li> <li>▪ B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.</li> </ul>	CSIEE CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.</li> </ul>	CD CMCCT CSIEE

			<ul style="list-style-type: none"> <li>IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.</li> </ul>	CSC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.</li> </ul>	CAA CSIEE CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>f</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).</li> <li>B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.</li> </ul>	CSIEE CMCCT CD
			<ul style="list-style-type: none"> <li>IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.</li> </ul>	CMCCT CD CSIEE

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financieira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.</li> <li>▪ B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.</li> <li>▪ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.</li> <li>▪ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.</li> <li>▪ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.</li> </ul>	<p>CD CSIEE CAA CMCCT</p> <p>CAA CSIEE CMCCT CD</p> <p>CMCCT CD CSIEE</p> <p>CSC CAA</p>
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

## **LENDA COMPETENCIAS**

**CCL** : Comunicación lingüística

**CMCCT** : Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

**CD** : Competencia Dixital

**CAA** : Competencia aprender a aprender

**CSC** :Competencia social e cívica

**CSIEE**: Competencia iniciativa e espírito emprendedor

## **LENDA TRANSVERSAIS**

**CL** : Comprensión lectora.

**EOE** : Expresión oral e escrita.

**CA** : Comunicación audiovisual.

**TIC** : Tecnoloxías da información e da comunicación

**EMP** : Emprendemento.

**ECC**: Educación cívica e constitucional

## **Grao mínimo de consecución**

- Identifica as persoas con iniciativa emprendedora, e describe o seu papel na xeración de traballo e benestar social.
- Investiga as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha.
- Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.
- Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas.
- Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais.
  - Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste.
  - Identifica as situacións de risco laboral máis habituais, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.
  - Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.
- Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto
  - Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.
  - Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.
  - Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros.
  - Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.
- Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto.
- Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto .
- Compila datos sobre os apoios á creación de empresas.

- Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.
- Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.
- Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas.
- Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso
- Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.
- Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.
- Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa.
  - Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.
  - Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.

#### **4. Secuenciación e temporalización dos contidos**

<b>T E M P O R</b>	<p><b><u>1ª AVALIACIÓN:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>UNIDADE 1: As empresas e a actividade empresarial</b> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A empresa na sociedade</li> <li>2. O carácter emprendedor</li> <li>3. As tarefas da actividade profesional</li> <li>4. A carreira profesional</li> </ol> </li> <li>• <b>UNIDADE 2: O mercado de traballo</b></li> </ul>
----------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------



1. Oferta e demanda de traballo
2. A relación laboral
3. O contrato de traballo
4. A negociación colectiva

• **UNIDADE 3: A Seguridade Social e os riscos laborais**

1. Que é a Seguridade Social?
2. O Réxime Xeral da Seguridade Social
3. O Réxime Especial de Traballadores Autónomos
4. Riscos laborais

**2ª AVALIACIÓN:**

• **UNIDADE 4: Plan de empresa**

1. A idea de negocio
2. Elementos e estrutura da empresa
3. O plan de empresa (I)
4. O plan de empresa (II)

• **UNIDADE 5: A información na empresa**

1. A contabilidade como medida do patrimonio
2. Documentos comerciais
3. A información de recursos humanos
4. O arquivo

• **UNIDADE 6: Producción en promoción**

1. O proceso productivo
2. Valor e marketing
3. A promoción
4. Axudas á creación de empresas

### **3ª AVALIACIÓN:**

- **UNIDAD 7: Empresa e posta en marcha.**

1. A forma xurídica da empresa
2. Trámites e autónomos
3. Trámites e sociedades
4. A sociedade limitada exprés

- **UNIDAD 8: Inversión e financiamento**

1. As inversións na empresa
2. As fontes de financiación (I)
3. As fontes de financiación (II)
4. Outras formas de financiación

- **UNIDADE 9: Viabilidade.**

1. A planificación financeira (I)
2. A planificación financeira (II)
3. VAN, TIR e umbral de rentabilidade
4. Ratios. Impostos.

## 5. Metodoloxía didáctica

A metodoloxía que se vai aplicar na nosa materia baséase nos principios xerais seguintes:

**1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumno.** Este principio esixe atender simultaneamente ao nivel de competencia cognitiva correspondente ao desenvolvemento no que se atopan os alumnos, por unha banda, e aos coñecementos previos que estes posúen en relación co que se quere que aprendan, por outra. Isto débese a que o inicio dunha nova aprendizaxe escolar debe comezar a partir dos conceptos, representacións e coñecementos que construíu o alumno nas súas experiencias previas.

**2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e a aplicación dos coñecementos á vida.** Para asegurar unha aprendizaxe significativa deben cumprirse varias condicións. En primeiro lugar, o contido debe ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da materia que se está traballando como da estrutura psicolóxica do alumno. En segundo lugar, é necesario que o alumno teña unha actitude favorable para aprender significativamente, é dicir, que estea motivado para conectar o novo que está a aprender co que el xa sabe, co fin de modificar as estruturas cognitivas anteriores. Se se producen aprendizaxes verdadeiramente significativas, conséguese un dos obxectivos principais da educación: asegurar a funcionalidade do aprendido; é dicir, que os coñecementos adquiridos poidan ser utilizados nas circunstancias reais nas que os alumnos os necesiten (transferencia).

**3. Facilitar a realización de aprendizaxes significativas polo propio alumnado.** É necesario que os alumnos sexan capaces de aprender a aprender. Para iso hai que prestar especial atención á adquisición de estratexias de planificación da propia aprendizaxe e ao funcionamento da memoria comprensiva. A memoria non é só o recordo do aprendido, senón tamén o punto de partida para realizar novas aprendizaxes. Canto máis rica sexa a estrutura cognitiva onde se almacena a información e as aprendizaxes realizadas, máis fácil será poder realizar aprendizaxes significativas por un mesmo.

**4. Modificar esquemas de coñecemento.** A estrutura cognitiva dos alumnos concíbese como un conxunto de esquemas de coñecemento que recollen unha serie de informacións, que poden estar organizadas en maior ou menor grao e, polo tanto, ser máis ou menos adecuadas á realidade. Durante o proceso de aprendizaxe, o alumno debería recibir informacións que entren en contradición cos coñecementos que ata ese momento posúe e que, dese modo, rompan o equilibrio inicial dos seus esquemas de coñecemento. Superada esta fase, volverá o reequilibrio, o que supón unha nova seguridade cognitiva, grazas á acomodación de novos coñecementos, pois só desta maneira se pode aprender significativamente.

**5. Adestrar diferentes estratexias de metacognición.** Unha maneira de asegurar que os alumnos aprenden a aprender, a pensar, é facilitarlles ferramentas que lles permitan reflexionar sobre aquilo que lles funciona ben e aquilo que non logran facer como querían ou se lles pedía; desta maneira consolidan formas de actuar exitosas e descartan as demais. Ademais, mediante a metacognición, os alumnos son conscientes do que saben e, polo tanto, poden profundizar nese coñecemento e aplicalo con seguridade en situacións novas (transferencia), tanto de aprendizaxe como da vida real.

**6. Potenciar a actividade e interactividade nos procesos de aprendizaxe.** A actividade consiste en establecer relacións ricas e dinámicas entre o novo contido e os coñecementos previos que o alumno xa posúe. Con todo, é preciso considerar que, aínda que el é o verdadeiro artífice do proceso de aprendizaxe, a actividade educativa é sempre interpersonal, e nela existen dous polos: o alumno e o profesor. Podemos dicir que a intervención educativa é un proceso de interactividade profesor-alumno ou alumno-alumno, no que convén distinguir entre aquilo que o alumno é capaz de facer e de aprender por si só e o que é capaz de aprender coa axuda doutras persoas. A zona que se configura entre estes dous niveis (zona de desenvolvemento próximo) delimita a marxe de incidencia da acción educativa. O profesor debe intervir naquelas actividades que un alumno non é capaz de realizar en por si, pero que pode chegar a solucionar se recibe a axuda pedagóxica conveniente. Na interacción alumno-alumno, habemos de dicir que as actividades que favorecen os traballos cooperativos, aquelas en as que se confrontan distintos puntos de vista ou nas que se establecen relacións de tipo tutorial duns alumnos con outros, favorecen moi significativamente os procesos de aprendizaxe.

## **Principios didácticos**

Estes fundamentos psicopedagóxicos implican ou se concretan nunha serie de principios didácticos, a través dos cales se especifican novos condicionantes nas formas de ensino-aprendizaxe, que constitúen un desenvolvemento máis pormenorizado dos principios metodolóxicos establecidos no currículo:

1. Asegurar a relación das actividades de ensino e aprendizaxe coa vida real do alumnado, partindo, sempre que sexa posible, da súa propia experiencia.
2. Diseñar actividades de ensino-aprendizaxe que permitan aos alumnos establecer relacións sustantivas entre os coñecementos e experiencias previas e as novas aprendizaxes, facilitando deste xeito a construción de aprendizaxes significativas.
3. Organizar os contidos ao redor de eixos que permitan abordar os problemas, as situacións e os acontecementos dentro dun contexto e na súa globalidade.

4. Favorecer a interacción alumno-profesor e alumno-alumno, para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social.
5. Potenciar o interese espontáneo dos alumnos no coñecemento dos códigos convencionais e instrumentos de cultura, aínda sabendo que as dificultades que estas aprendizaxes levan poden desmotivarles; é necesario prevelas e graduar as actividades en consecuencia.
6. Ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións.
7. Proporcionar continuamente información ao alumno sobre o momento do proceso de aprendizaxe no que se atopa, clarificando os obxectivos que debe conseguir, facéndolle tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades que debe superar, e propiciando a construción de estratexias de aprendizaxe innovadoras.
8. Impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación de puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación.

Para a selección de actividades ou experiencias de aprendizaxe propóñense os seguintes criterios operativos:

- Validez; isto é, relación entre experiencia e conduta desexada.
- Comprensividade; xa que os diferentes tipos de aprendizaxe esixen distintos tipos de experiencias.
- Variedade; para cubrir diferentes intereses, modalidades de aprendizaxe, ritmo de traballo, etcétera.
- Adaptación ao nivel xeral do desenvolvemento individual e do grupo.
- Estruturación en redes ou constelacións ao redor dun plan xeral.
- Continuidade dentro da mesma competencia; entre a experiencia escolar e a extraescolar, dentro do mesmo tempo escolar.
- Relevancia para a vida cotiá do alumnado; xa que, xeralmente, leste aprende para responder as súas necesidades.
- Participación; a planificación conxunta evita a aprendizaxe parcial.

Do mesmo xeito que os tempos, os agrupamentos e os espazos, as actividades tamén serán flexibles e de diversos tipos. Contemplanse, así, actividades graduadas no seu nivel de dificultade e profundización, en función da propia evolución do alumno ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, partindo sempre do xeral ao concreto, de forma que as actividades sexan o suficientemente fáciles como para

lograr o éxito e, á súa vez, o suficientemente difíciles como para que supoñan un reto. Neste sentido podemos diferenciar varios tipos de actividades segundo a súa finalidade:

1. Actividades previas e de motivación. Tratan de pescudar as ideas, os intereses, as necesidades, etc., dos alumnos sobre os contidos que se van a traballar. Con elas suscítase a curiosidade intelectual e a participación de todos nas tarefas educativas.
2. Actividades de desenvolvemento. Son aquelas que as unidades de programación prevén con carácter xeral para todo o alumnado.
3. Actividades de reforzo. Para aqueles alumnos cuxos ritmos de aprendizaxe sexan máis lentos (alumnado con necesidades educativas especiais) é imprescindible a programación de actividades de reforzo que, de acordo coas súas características, faciliten o desenvolvemento das súas capacidades.
4. Actividades de ampliación. Son aquelas que posibilitan aos alumnos seguir avanzando nos seus procesos de aprendizaxe unha vez que realizaron satisfactoriamente as tarefas propostas nunha unidade de programación.
5. Actividades de avaliación. O profesorado debe deseñar estas actividades, sen que poidan ser percibidas polos alumnos como diferenciadas, para reaxustar permanentemente os procesos educativos.

En conclusión, expónse unha metodoloxía activa e participativa, na que se utilizarán unha diversa tipoloxía de actividades (de introdución-motivación, de coñecementos previos, de desenvolvemento, de consolidación, funcionais ou de extrapolación, de investigación, de reforzo, de recuperación, de ampliación/profundización, globais ou finais). O noso enfoque metodolóxico axustarase aos seguintes parámetros:

1. Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que permitan aos alumnos avanzar cara aos resultados de ensino de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
2. Nas actividades de investigación, aquelas en as que o alumno participa na construción do coñecemento mediante a procura de información e a inferencia, ou tamén aquelas en as que utiliza o coñecemento para resolver unha situación ou un problema proposto, clasifícanse as actividades polo seu grao de dificultade (sinxelo-medio-difícil), para poder así dar mellor resposta á diversidade.
3. A acción docente promoverá que os alumnos sexan capaces de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.

4. Fomentarse a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e desafío intelectual para os alumnos.
5. Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, a escritura, as TIC e a expresión oral mediante debates ou presentacións orais.
6. A actividade de clase favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o cooperativo.
7. Procurarase organizar os contidos ao redor de núcleos temáticos próximos e significativos.
8. Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles, tanto no que se refire ao contido como ao soporte.

## **6. Materiais didácticos**

Para o desenvolvemento das sesións emplearanse os seguintes materiais:

- \* Utilizarase o libro de texto “Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial” da Editorial Anaya e todos os libros de apoio necesarios.
- \* Páxinas webs de interese para a materia así como material dixital proporcionado pola editorial.
- \*Xornais.
- \*Fotocopias de diversos manuais, informacións varias, etc., que sirvan para completar ou ampliar os coñecementos básicos.
- \*Ordenadores para búsqueda de información e elaboración de traballos.

A aula, ademais, está dotada de pizarra dixital, cañón e pantalla grande para poder traballar de maneira interactiva nas clases.

## **7. Avaliación inicial**

Aínda que é o primeiro ano que cursan esta materia, durante as primeiras sesións do curso realizaranse debates orais para valorar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre a materia e o seu estilo de aprendizaxe para poder adaptar o desenvolvemento da programación as características do grupo.

## **8. Procedemento da avaliación continua**

O proceso de avaliación deberá aportar a información necesaria acerca do proceso de ensinanza- aprendizaxe de cara á consecución dos obxectivos marcados. Por tanto,

deberá de realizarse de maneira continua e personalizada e non se poderá reducir a situacións illadas.

A avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria ten que reunir estas propiedades:

- Ser **continua**, xa que debe atender ao aprendizaxe como proceso, contrastando diversos momentos ou fases.
- Ter **carácter formativo**, porque debe ter un carácter educativo e formador e ser un instrumento para a mellora dos procesos de ensinanza e dos procesos de aprendizaxe.
- Ser **integradora**, porque atende á consecución do conxunto dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondentes.
- Ser **individualizada**, porque centrase na evolución persoal de cada alumno.
- Ser **cualitativa**, na medida que aprecia todos os aspectos que inciden en cada situación particular e evalúa de maneira equilibrada diversos aspectos do alumno, non só os de carácter cognitivo.

## **9. Instrumentos de avaliación**

- **PROBAS OBXECTIVAS:** Realizarase unha proba escrita por avaliación e combinaranse exercicios e preguntas das diferentes unidades que permitan valorar o logro dos obxectivos ligados aos principais conceptos (definicións e descricións), procedementos ( resolución de problemas, análise críticos de feitos e fenómenos) e actitudes (interpretación de problemas éticos na ciencia, clarificación de valores...).
- **TRABALLOS INDIVIDUAIS OU COLECTIVOS OBRIGATORIOS.** Esixirase a elaboración de traballos e realización de actividades e proxectos que poderán facerse de maneira individual ou en grupo, sobre cada un dos bloques que constitúen a programación. Estes poderán supor o desenvolvemento de exercicios de recollida e exposición da información, unha pequena investigación, ou deseño e elaboración de murais ou a elaboración de redaccións.
- **CADERNO DO ALUMNO:** Terase en especial consideración a toma de notas e apuntes na clase, a elaboración de esquemas e resúmenes, a realización de comentarios e exercicios así como a expresión escrita dos mesmos, a limpeza e boa presentación.

## **10. Criterios de cualificación**

Realizaráse unha proba escrita por avaliación que estará baseada nos criterios de avaliación dos bloques que os integran tendo como finalidade valorar a adquisición dos estándares de aprendizaxe. Os erros ortográficos e deficiencias



expresivas poden supor unha diminución na calificación global do exercicio (un 10% da valoración total en cada proba)

- A proba escrita que poderá incluír:
  - Probas obxectivas de resposta breve
  - Probas obxectivas comentadas.
  - Probas de definición de conceptos.
  - Resolución de problemas.

Como criterio de corrección das actividades e das probas escritas, valoraranse os coñecementos teórico/prácticos do alumnado, así como o rigor nos razoamentos desenvolvidos e na linguaxe empregada. No desenvolvemento dos problemas, exercicios e cuestións valoraranse os seguintes aspectos:

- A coherencia ordenada e razoada na exposición da resposta.
- A claridade da exposición.
- A utilización dunha adecuada terminoloxía.
- A facilidade e a precisión na realización do cálculo.

Ademais a puntuación de cada pregunta está condicionada polo que o alumno fai ben, é dicir, as preguntas parcialmente contestadas ou incorrectas nos resultados finais, poden acadar unha puntuación intermedia en función do seu desenvolvemento. No suposto de que a nota a constar nos documentos de avaliación conteña decimais, redondearase ó enteiro por exceso ou defecto.

- **A ponderación dos exames na nota de avaliación será do 70%.**
- **A ponderación do traballo obrigatorio na nota de avaliación será do 20%.**
- **A ponderación da actitude na nota da avaliación será do 10%.**
- **Non se poderá aprobar a avaliación se a nota do exame escrito é inferior a un 2 sobre 7.**
- Na avaliación parcial trimestral farase constar unha nota de entre 1 a 10 puntos, sendo o resultado de aplicar o promedio das cualificacións totais obtidas nos distintos bloques obxecto de avaliación, tendo en conta que se o/a alumno/a non superou algún dos bloques temáticos, a puntuación máxima que constará no documento de avaliación será de 4 puntos.

- No caso de non alcanzar a o 5 na avaliación o alumno/a deberá facer un exame de recuperación con posterioridade á realización da sesión de avaliación. A terceira avaliación recuperarase no exame final de xuño.
- No caso de que a nota alcance ou supere o cinco na avaliación pero o alumno no teña superado a calificación de catro nun exame só realizará a recuperación desta parte, conservándose a nota do outro exame e dos traballos.
- A avaliación negativa na recuperación de cada avaliación suporá que toda a materia desa avaliación quede pendente para o exame final. No mes de xuño haberá un exame final, coa materia distribuída por trimestres, para aqueles alumnos/as que teñan algunha avaliación suspensa. A nota final da materia resultará da media aritmética das tres avaliacións, para acadar unha cualificación positiva, deberá ter superadas as tres avaliacións.
- No caso de ter todas as avaliacións superadas, a cualificación final do curso obterase facendo a media aritmética das cualificacións delas. Esta media redondearase á alza ou a baixa segundo o traballo e a actitude resultaran positivas ou negativas o longo do curso.
- Se o alumno/a non supera o exame de xuño deberá examinarse de todos os contidos da asignatura en setembro. Dita proba será global; estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación asociados, recollidos na presente Programación; a súa estrutura coincidirá coa das realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e deberase obter un mínimo de 5 puntos para considerarse superada.
- A realización fraudulenta de calquera control ou proba de avaliación implicará a cualificación de 0 na proba correspondente e o suspenso na avaliación en curso, eventualidade que será anotada ademais no seu boletín de calificacións por parte do titor, iso con independencia de outras responsabilidades en que o estudante poida incurrir.
- No caso de ter copiado nun exame final de xuño, a recuperación haberá de efectuarse en setembro. Esta calificación deberá basearse na constancia indubitada da fraude e non na sospeita non confirmada do uso de medios ilícitos.

## **11. Procedemento da avaliación extraordinaria**

En setembro realizarase unha proba extraordinaria na que o alumnado deberá demostrar uns coñecementos mínimos sobre a materia.

A profesora fará entrega aos alumnos que non superen a materia na convocatoria de xuño , un guión para facilitar as tarefas de estudo durante as vacacións.

## **12 Procedemento para o seguimento e avaliación da materia pendente**

Non hai alumnado coa materia pendente ao tratarse dunha materia de nova implantación neste curso.

## **13. Atención á diversidade**

Para atender a diversidade dentro do grupo teranse en conta diferentes factores:

- Número de alumnos e alumnas na aula.
- Necesidades específicas de cada un deles.
- Adaptación da metodoloxía en función dos resultados para facilitar e axudar ao alumnado á asimilación e posta en práctica dos contidos.
- Favorecer un ambiente de colaboración e respecto entre os compañeiros e sensibilizarnos cas destrezas ou carencias persoais de cada un.
- Búsqueda de apoios que nos axuden no proceso de ensino-aprendizaxe.

## **14. Indicadores de logro**

### **\* Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

<b>1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente</b>	Escala		
(Indicadores de logro)			
<b>Proceso de ensino:</b>	1	2	3
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?			
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?			
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?			
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?			
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?			
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?			
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?			
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?			
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?			

10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?			
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?			
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?			

<b>Práctica docente:</b>	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

## \* Para avaliar a programación didáctica.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala		
	1	2	3
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?			
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?			
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?			
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?			
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?			
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas			
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?			
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?			
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?			

10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?			
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?			
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?			
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?			
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?			
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?			
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?			
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?			
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.			
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación			
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?			
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?			
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?			
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?			
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?			
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?			
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?			
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?			

Ruth María Poceiro Argibay

Asdo.